

**ACTA DA SESIÓN NÚMERO 3 DA MESA DE CONTRATACIÓN DO EXPEDIENTE
2024/C003/000002 (PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO)**

**AMPLIACIÓN, AFIRMADO E PAVIMENTACIÓN CON MBQ NUN TRAMO DO CAMIÑO OS
MARTIÑOS-CRUCÉ A HEDRREIRA
2ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2023**

LUGAR: casa do concello
DATA: 03/07/2024
HORA DE COMEZO: 09:06
HORA DE REMATE: 10:46

ASISTENTES:

Presidente:

– Presidente: Don Emilio Souto Iglesias, concelleiro de Servizos, Emerxencias e Obras

Vogais:

– Dona Rosa María Buján Ordóñez, secretaria-interventora do Concello de Curtis, vogal titular

– Dona María Fajardo de Andrade Vázquez, técnica de intervención, vogal titular

– Dona Marta María Roca Souto, auxiliar administrativa, vogal titular

Secretaria:

– Dona Mónica Gesto Nieto, administrativa

DELIBERACIÓNS E ACORDOS

– Acto de valoración do sobre B (subtitulado "Declaracións, compromisos e referencias técnicas".
Criterios non avaliados de forma automática)

– Apertura do sobre C (subtitulado "Oferta económica e referencias valorables automaticamente")
e valoración do seu contido

– Clasificación de ofertas e proposta de adjudicación

**ACTO DE VALORACIÓN DO SOBRE B (SUBTITULADO "DECLARACIÓN, COMPROMISOS
E REFERENCIAS TÉCNICAS". CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA)**

A Mesa, por unanimidade dos seus membros, acepta o informe emitido o 29/06/2024 polo
enxeñeiro de camiños, canles e portos, Manuel Ángel Pisos Veiga, e ACORDA realizar, conforme
ao mesmo, a seguinte valoración do sobre B :

	PROGRAMA DE TRABAJO (Máx 20 pts)	PLAN DE CONTROL DE CALIDADE (Máx 5 pts)	TOTAL
MANTIDO, SL	16,70	4,70	21,40
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, SL	17,60	2,60	20,20
COSMALCA, SL	14,00	4,70	18,70
CANARGA, SL	16,40	2,00	18,40
HORDESCON, SL	10,00	2,70	12,70

Segundo o previsto no anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares “As empresas que non superen a puntuación mínima do 50% dos puntos asignados na fase 1, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios”

Posto que todas as empresas superaron a citada puntuación mínima todas elas continúan no procedemento de licitación.

APERTURA DOS SOBRES C (OFERTA ECONÓMICA E REFERENCIAS VALORABLES AUTOMATICAMENTE) E VALORACIÓN DO SEU CONTIDO

Procédese á apertura do sobre C e a súa posterior valoración co seguinte resultado:

	OFERTA ECONÓMICA (Orzamento base de licitación: 238.286,95 €)			PORCENTAXE PERSOAL FIXO EN RELACIÓN CO PERSOAL GLOBAL DA EMPRESA		PLAN DE IGUALDADE		TOTAL
	Oferta	Presunción anormalidade	Puntuación (Máx 5 pts)	%	Puntuación (Máx 35 pts)	Existencia	Puntuación (Máx 35 pts)	
MANTIDO,SL	234.950,93 €	Non	0,33	95,00	35	Si	35	70,33
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA,SL	233.322,00 €	Non	0,49	79,64	35	Si	35	70,49
COSMALCA,SL	233.544,00 €	Non	0,46	58,33 (*)	27,22	Si	35	62,68
CANARGA,SL	234.068,99 €	Non	0,41	84,44	35	Si	35	70,41
HORDESCON,SL	222.965,10 €	Si	1,50	94,44	35	Si	35	71,50

As empresas Mantido, SL e Cosmalca,SL fan constar nas súas ofertas que son empresas vinculadas polo que, en cumprimento do disposto no artigo 149.3 da Lei 9/20217 de Contratos do Sector Público, para aplicar o réxime de identificación das ofertas incursas en presunción de anormalidade, tómase únicamente a oferta da empresa Cosmalca, SL , por ser esta a máis baixa.

(*) A empresa Cosmalca, SL na súa oferta económica declara que na data de publicación da licitación o número de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal nos últimos 12 meses anteriores á data de publicación

do anuncio de licitación na plataforma representa un 92,31 % sobre o número global de persoas traballadoras. No obstante, acompaña a dita declaración un informe de vida laboral da empresa, do cal se desprende que a porcentaxe sinalada pola empresa na súa oferta é superior a porcentaxe real, senda esta última a porcentaxe de 58,33 %.

CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E PROPOSTA DE ADJUDICACIÓN

A Mesa, atendendo aos criterios de adjudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, realiza a seguinte clasificación, por orde decrecente, das proposicións presentadas:

	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL
MANTIDO SL	21,40	70,33	91,73
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	20,20	70,49	90,69
CANARGA, S.L	18,40	70,41	88,81
HORDESCON, S.L.	12,70	71,50	84,20
COSMALCA, S.L.	18,70	62,68	81,38

Compróbase no ROLECE e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia que a empresa MANTIDO, SL está debidamente constituída, que o asinante da proposición ten poder bastante para formulara a oferta, que ostenta a clasificación no grupo G subgrupo 6 categoría 3 que acredita a súa solvencia e que, segundo o disposto no ROLECE, non existen prohibicións vixentes para contratar.

Consta no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade autónoma de Galicia que a empresa está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social

A Mesa, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

- Propoñer ao órgano de contratación a adjudicación do contrato da obra denominada **“Ampliación, afirmado e pavimentación con MBQ nun tramos do camiño Os Martiños-Cruce A Hedreira”** á empresa MANTIDO, SL.
- Requiritr á dita empresa para que nun prazo de 7 días hábiles, a contar desde o envío do correspondente requirimento presente presente a seguinte documentación:
 1. O documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe do prezo final do contrato , excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 108 LCSP
 1. Acreditación documental do número de persoas traballadoras (homes e mulleres) que compoñen na data de publicación da licitación na PCSP o persoal da empresa e do número de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa nos últimos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na PCSP
 2. Documento acreditativo da aprobación do plan de igualdade e solicitude de inscrición no correspondente rexistro, no seu caso

FIRMADO POR Mónica Gesto Nieto (FECHA: 04/07/2024 10:13:00) , Emilio Souto Iglesias (FECHA: 04/07/2024 14:02:00) ,
Rosa María Buján Ordóñez (FECHA: 05/07/2024 08:19:00) , Marta María Roca Souto (FECHA: 05/07/2024 09:17:00) ,
María Fajardo de Andrade Vázquez (FECHA: 05/07/2024 09:22:00)
Versión imprimible

CVD: 42vUKj9/abRncsgFEYli
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Sen mais asuntos que tratar o presidente levanta a sesión e eu redacto esta acta que asinan electronicamente, na data sinalada xunto as sinaturas electrónicas, todos os membros da Mesa.